

## ***PROTOCOLO BÁSICO COVID LIGAS UNIVERSITARIAS 2021/22***

Segundo as medidas de prevención específicas establecidas polas autoridades sanitarias como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da covid na Comunidade Autónoma de Galicia, e co obxectivo de minimizar ao máximo os riscos de transmisión e contaxio. No caso das competicións e os eventos deportivos non federados, caso das ligas universitarias, os organizadores elaborarán uns protocolos específicos adaptados, na medida do posible, ao Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO.

Con base nisto, a Área de Deportes establece as seguintes medidas para todas as persoas participantes nas ligas universitarias:

- A participación nas ligas universitarias é absolutamente voluntaria, polo que as persoas participantes asumen libremente os posibles riscos de contaxio. Cada unha delas comprométese a cumprir as normas e os protocolos vixentes para este tipo de actividades ou competicións deportivas.
- É altamente recomendable que todas as persoas participantes teñan a pauta completa da vacina contra a covid.
- No caso de presentar algún síntoma compatible coa covid (febre, tose seca, dor de cabeza etc.), cómpre non acudir ao partido.
- **É obrigatorio o uso da máscara en todo momento** dentro das instalacións deportivas, tanto para acceder a elas como durante a práctica, agás nos tempos de descanso ou pausa do xogo, sempre que se poida asegurar a distancia de seguridade de 1,5 m co resto das persoas participantes, así como nas duchas e os aseos dos vestiarios.
- Debe manterse a **distancia interpersoal de 1,5 m** co resto das persoas participantes en todo momento sempre que non se estea a xogar o partido.
- No caso de acudir a instalacións alleas á Universidade da Coruña, será de obrigado cumprimento **respectar as medidas de seguridade e hixiene da propia instalación**.
- Debe respectarse o máximo posible a hora de inicio e finalización dos partidos. Evitarase estar de maneira innecesaria na instalación.

- Tratarase de evitar as celebracións con contacto físico (apertas, choque de mans etc.), típicas no deporte cando se acaba un tanto, nunha acción destacada do partido ou na finalización do encontro.
- Evitaranse, na medida do posible, os desprazamentos innecesarios pola instalación deportiva e a manipulación de elementos ou obxectos de uso común.
- A autorización do uso dos vestiarios e aseos dependerá do protocolo de cada unha das instalacións. Respetaranse, en todo momento, as capacidades máximas permitidas.
- Debido á situación sanitaria, só se permitirá o acceso ás instalacións aos membros dos equipos das ligas e sempre no horario do seu partido. O público non poderá acceder as gradas das diferentes instalacións deportivas.

Toda aquela persoa que non cumpra os regulamentos e as medidas das instalacións deportivas e das competicións poderá ser expulsada.



Grazas pola vosa colaboración!

Área de Deportes